

HORARIOS DO CENTRO

XORNADA ESCOLAR				
ETAPA	MAÑÁ		TARDE	
	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
INFANTIL	9:00	12:20	14:20	16:00
PRIMARIA	9:00	12:20	14:20	16:00
SECUNDARIA	8:40	13:20	14:30	16:10

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS					
ETAPA	INFANTIL E PRIMARIA		SECUNDARIA		
	SERVIZO	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
MADRUGADORES		8:00	9:00	8:00	8:40
COMEDOR		12:20	14:20	13:20	14:30
AMPLIACIÓN		16:00	17:15	16:10	17:15
EXTRAESCOLARES		16:00	17:15	16:10	17:15

ACTIVIDADES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

a) Actividades Complementarias:

As actividades e servizos complementarios son aqueles de carácter pedagógico, que forman parte da esencia do noso proxecto educativo e van destinadas a todo o alumnado do centro. Englobanse aquí as festas escolares, saídas didácticas, obradoiros de innovación e o Gabinete de Orientación Educativa. Sen elas non sería posible manter o modelo pedagógico, ao non ser financiadas polo concerto educativo.

- **Saídas educativas e obradoiros de innovación.** Vanse adaptando cada curso escolar aos proxectos de traballo que se desenvolven nas distintas aulas, ás posibilidades que ofrece a contorna e aos propios intereses dos nenos/as. De forma xeral son :
 - **Infantil e primaria:** entre 6 e 10 por curso en función do tipo de actividade (saída con durmida, día completo, obradoiro, etc.).
 - **Secundaria:** saída con durmida de 2 ou 3 noites, 2 obradoiros de sexualidade e/ou convivencia e Colaboralab.
- **Festas e conmemoracións.** Celébranse cinco festas ao longo do curso que se van adaptando ás distintas etapas: Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas e San Xoán.
- **Gabinete de Orientación Educativa.** Permite manter a coherencia do modelo educativo que ofrece Andaina ao longo das tres etapas. A través desta tarifa podemos dotar de recursos ás diferentes aulas e así desenvolver entre outras, as seguintes actuacións:
 - Dispor da orientadora educativa para a etapa de infantil e primaria que non inclúe o concerto educativo.
 - Acompañamento no proceso de adaptación do novo alumnado ao centro na etapa de infantil (dobre docente).
 - Programa de estimulación da linguaxe oral en infantil e 1º e 2º ciclo de EP coa incorporación da Logopeda.
 - Comisión de lecer con actividades promovidas polo alumnado na etapa de primaria.
 - Programa de mediación escolar para resolución de conflitos entre iguais.
 - Programas formativos co alumnado: facilitación de grupos, prevención do maltrato, acoso...
 - Xestión da convivencia en primaria e secundaria a través de equipas de facilitadores.
 - Recursos para a aplicación de metodoloxías activas: Aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe cooperativa, etc.
 - Asesoramento específico aos distintos sectores da Comunidade Educativa.
 - Programas de prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.

- Acompañamento en procesos socio-emocionais con alumnado e familias.
- Colaboralab: espazo autoxestionado en prol da convivencia en Primaria e Secundaria.
- Monográficos formativos.
- Campañas específicas de sensibilización social: contra a violencia de xénero, en apoio ao colectivo LGTBI, actividades formativas co alumnado ao redor do día da muller, etc.

b) Recursos Educativos:

- Comprende a adquisición e uso de todo o **material individual e común** que é empregado polo alumnado durante todo o curso escolar:
 - Funxible (libretas, carpetas, cartafoles, bolígrafos, lapis, gomas, pinturas, cintas, adhesivos, folios, orlas aula, ceras, pinturas, etc.), material didáctico complementario, material de consulta e xogos específicos para os distintos proxectos de aula.
 - Secuencias de lingua galega e castelá elaboradas polo centro, secuencias de cálculo rápido, cálculo mental, simetrías e xeometría, todo o material de plástica empregado na área e nos distintos proxectos.
 - Fotocopias en B/N e cor, material fotográfico, elaboración e edición de vídeos educativos, emprego de material impreso.
 - Materiais e instrumentos grupais e individuais para a área de música.
 - kits específicos en cada aula (calculadoras, compás, USB, regras e cartabóns, etc.), material de proxectos en laboratorio e tecnoloxía, etc.
 - Material de uso compartido en cada grupo: xogos de matemáticas, linguas, de construcción, de recantos, estratexia, convivencia, ábacos, unicubos, xeolanos, pentaminós, tangran, dicionarios (galego, inglés, castelán, francés), mapas, regretas, recursos informáticos como tablet e ordenadores por etapa, etc...)...
 - Biblioteca de aula con libros de lectura, cómics, enciclopedias...
- Tamén se inclúe nesta tarifa o uso da plataforma educativa **Clickedu**, que permite entre outros:
 - Xestións académicas e administrativas online para a comunidade educativa.
 - Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe para o alumnado.
 - É o sistema de comunicación xeral entre centro e familias.

c) Servizos opcionais:

- **Comedor escolar.** Entendemos o momento do xantar como unha labor educativa. A atención dos nenos/as recae en persoal educativo pois entendemos o xantar como un momento máis do proceso de aprendizaxe de cara a promover unha boa alimentación e hábitos saudables no alumnado.

O centro dispón de cociña con persoal propio, traballamos con produto fresco de produtores locais. Na medida do posible incorpóranse no menú alimentos de producción ecolólica (verduras, carne...).

Os menús revísanse cada curso escolar co asesoramento de nutricionistas e vanse adaptando ás características das distintas estacións. Na actualidade ofertamos para o alumnado dúas modalidades de menú, o xeral e o menú ovo-lácteo-vexetariano.

Tamén facemos adaptacións dos menús para alerxias e intolerancias (con informe médico) e dieta adstrinxente en caso de enfermidade común.

A tarifa tamén inclúe un almorzo colectivo de media mañá para todo os usuarios de comedor formado maioritariamente por froita fresca.

De forma excepcional é posible solicitar o servizo de comedor en días soltos (máximo de 4 días ao longo do mes).

As familias tamén podedes vir a xantar con nós en días soltos e acompañar aos fillos e fillas.

- **Almorzos de media mañá.** Para os non usuarios de comedor, establecécese unha tarifa independente para que todo o alumnado poida participar do almorzo colectivo maioritariamente froita fresca.
- **Madrugadores.** Establécense tres franxas no servizo de madrugadores, para facilitar a conciliación de cada familia. O servizo de almorzo comeza ás 8:00 horas (e só poderá realizarse de haber un grupo mínimo de 10 usuarios). Servizo de madrugadores que permite o acceso ao centro antes da xornada lectiva a partir das 08:15 ou a partir das 08:30 h (sen posibilidade de almorzo). Podedes empregar tamén este servizo en días soltos (máximo 4 días ao longo do mes).
- **Ampliación horaria.** Ofrecemos tamén un servizo de ampliación horaria para todo o alumnado ata ás 17:15, que inclúe un pequeno petisco, maioritariamente froita e de forma excepcional (leite, biscoito, tosta, minibocatas). Non é un servizo de merenda.

- **Actividades extraescolares.** Cada curso escolar ofrécese un abano de actividades para desenvolver en cada etapa educativa. Serán impartidas principalmente por persoal especialista do centro coñecido para o alumnado e contarán cun enfoque lúdico. O horario será de 16:00 a 17:15 h e tamén disporán dun pequeno petisco, normalmente entre as 16 e as 16:15.
- **Transporte escolar.** Servizo de contratación externa que neste momento desenvolve unha ruta de entrada e outra de saída entre o colextio e a cidade de Coruña. Este servizo solo se ofertará no caso de acadar o grupo mínimo de 32 usuarios (con dúas viaxes ou equivalente) para unha ruta de entrada e saída. Existe a posibilidade de usar as dúas rutas ou só unha delas, mais unha vez confirmado o servizo, o compromiso de pago será anual.